XULLO 2010 Número 28
# BOLETÍN XOVE
Boletín da Oficina Municipal de Información Xuvenil CONCELLO DE FENE

## I CONCURSO DE CURTAS E MAQUETAS MUSICAIS DE LUGO 10



**A Fundación TIC coa colaboración do Concello de Lugo convoca o I Premio de Curtas e Maquetas Musicais de Lugo 10, para autores españois e con residencia en España. Este concurso ten como obxectivo primordial a promoción da difusión da Muralla de Lugo no seu décimo aniversario como monumento patrimonio da humanidade.**

Poderán participar persoas, tanto de forma individual como colectiva de nacionalidade española e con residencia en España. Admitirase unha única curtametraxe ou tema por participante ou grupo. As curtas poden ser mudas ou con sonido incorporado. As maquetas musicais poden ser de calquera estilo musical.

As curtas enviaranse a: FUNDACIÓN TIC, Rúa do Arco, s/n- 27004- Lugo.

**Premios:**

- PREMIO LUGO 10: traballo que mellor ensalce a Muralla de Lugo, dotado cun regalo institucional e 2.000 €
- PREMIO DEPUTACIÓN: traballo que potencie máis a provincia de Lugo, dotado cun regalo institucional e 1.500 €
- PREMIO FUNDACIÓN TIC á mellor curtametraxe ou canción de autor mozo, menor de 30 anos, dotado cun regalo institucional e 1.000 €

**Presentación dos traballos:** finaliza o 30 de outubro de 2010.

## CONCURSO BIBLIOCLIPS, BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA

**As Bibliotecas Municipais da Coruña convocan o concurso de BIBLIOCLIPS para amosar o feito lector entre os cidadáns cunha visión diferente, persoal e lúdica das bibliotecas públicas.**

O concurso consiste na realización dun Spot Publicitario dunha duración máxima de 35 segundos de visionado, inspirados na biblioteca e a lectura. A curta poderá estar ou non gravada nun espazo bibliotecario. En calquera caso, valorarase a orixinalidade e a capacidade de expresar calquera punto de vista relacionado co tema do concurso, así como as posibilidades de emisión dos traballos presentados.

Poderán participar neste concurso todas **as persoas maiores de 18 anos.**

As producións que solicitamos deben reflectir o mundo das Bibliotecas como punto de encontro e de partida para o uso e goce dos libros e da lectura en xeral.




Cada participante pode presentar só unha produción que debe ser orixinal e exclusiva do autor, e non pode ter sido premiada nin publicada con anterioridade

O **primeiro premio** consistirá nunha cámara de vídeo.

Entregaranse **dous premios aos finalistas** consistentes nun reprodutor de mp4.

**Prazo de envío das producións:** do 17 de maio ata o 01 de setembro de 2010

Os orixinais en soporte CD ou DVD enviaranse á seguinte dirección:

*Concurso Spot Publicitario*

Servizo Municipal de Bibliotecas da Coruña
Rúa Durán Loriga 10, 1°
15003 A Corñua

## CURSOS DE VERÁN 2010

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca os seguintes cursos dirixidos aos titulados universitarios de pedagoxía, socioloxía, psicoloxía, educación social, traballo social, maxisterio e Formación Profesional en TASOC:

- Curso de formación en emancipación xuvenil e orientación laboral
- Curso de formación en estudos sobre a xuventude, metodoloxía para a produción e análise de datos
- Curso de formación en modelos teóricos para a comprensión da mocidade.
- Curso da temporalidade: lecer, tempo libre, consumo e condutas de risco.

**Máis Información:** www.xuventude.net

## VII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE VIAXES, VIAXARTE´10




O Centro Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña, dentro das actividades programadas para a promoción do Servizo de Información de Turismo Xuvenil, convoca a **VII Edición do CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE VIAXES "Viaxarte 2010".**

Se tes **entre 15 e 30 anos**, tráenos as mellores fotografías das túas viaxes do **1 de xullo ao 3 de setembro de 2010,** e poderás gañar unha fantástica viaxe a unha capital europea.

**REQUISISTOS:**

As fotografías deberán presentarse reveladas en papel e ir montadas en soporte de cartón pluma de tamaño único de 40 x 50 cm. Poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor, en calquera técnica, e terán un tamaño mínimo de 18 x 24 cm e máximo de 40 x 50 cm.

Tamén se entregará unha copia da fotografía en formato de arquivo dixital JPEG/JPG e de dimensións mínimas de 1024 x 768. Poderán enviarse, como máximo, 3 fotografías por autor e deberase facer constar na ficha de inscrición se se presentan como fotos individuais ou como serie.

Todas as fotografías deberán estar relacionadas co tema das experiencias viaxeiras.

As fotografías deberán presentarse, persoalmente ou por correo, no: CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL (CMIX) - Fórum Metropolitano, r/Río Monelos, 1 - 15.006 A Coruña.

## ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS



Ábrese o prazo para a matrícula e preinscrición nas Escolas Oficiais de Idiomas para curso 2010-2011, a través dun novo proceso de xestión "on-line"

**Preinscrición:** O alumnado de novo acceso deberá preinscribirse en https://www.eoidigital.com/preinsxunta a partir do 28 de xuño e ata o 5 de setembro.

Existirán dous períodos de preinscrición para este alumnado:

1. Para os cursos de 1° de nivel básico as preinscricións realizaranse dende o 28 de xuño ata o 15 de xullo.
2. Para os demais cursos as preinscricións realizaranse dende o 28 de xuño ata o 5 de setembro.

**Matrícula:**

**a)** O alumnado matriculado no curso 2009-2010. Deberá formalizar a matrícula no mesmo idioma e escola a través de https://www.informaticacentros.com/xunta

Existirán dous períodos de matrícula para este alumnado:

*Período de matrícula ordinaria:*

Do 28 de xuño ao 28 de xullo para:

a. Alumnado oficial coa cualificación de Apto na convocatoria ordinaria de xuño.

b. Alumnado procedente do programa de inglés a distancia "That's English!" aprobado na convocatoria ordinaria de xuño de 2010.

*Período de matrícula extraordinaria:*

Do 6 ao 16 de setembro para o alumnado oficial da escola e alumnado procedente do programa "That's English!" coa cualificación de Apto, Non apto ou Non presentado na convocatoria extraordinaria de setembro.

**b)** Alumnado de novo acceso:

- Do 19 ao 28 de xullo para o alumnado de novo acceso preinscrito nos cursos de 1° de nivel básico que obtivera praza na adxudicación do 16 de xullo.

# NOVAS DO CONCELLO...

## CICLO DÍA DA PATRIA GALEGA 2010

As actividades culturais arredor desta data son as seguintes:

**MAGO TETO: As Tolemaxias do Mago Teto.**
Mércores, 21 de xullo ás 22.00 horas. Praza do Concello de Fene

**V FESTIVAL DE HABANEIRAS**
Xoves, 22 de xullo ás 21.00 horas. Praza do Concello de Fene
Actúan:
- Rondalla Estrelecer
- Coral Polifónica de San Valentín
- Coral Polifónica de Sillobre
- Coral Polifónica O Pote de Maniños
- Coral Eterna Xuventude

**FESTIVAL CÓMICO**
Venres, 23 de xullo ás 20.00 horas. Praza do Concello de Fene
Actúan:
- Clown and Popping
- O Taller
- Caldeirada

**OFRENDA FLORAL POLO 25 DE XULLO**
Sábado, 24 de xullo ás 12.30 horas. Parque Lineal do Río Cádavo
Ofrenda Floral, actuación da Rondalla Estrelecer e lectura da Declaración Institucional polo Día da Patria Galega.
Esta semana estarán dispoñíbles bandeiras galegas no Concello de Fene para tódolos veciños e veciñas.

## NOITE DE CINE 2010

| PELÍCULA | data | LUGAR | HORA |
|---|---|---|---|
| PÉREZ, O RATIÑO DOS TEUS SOÑOS II | 14 de xullo | Escola do Pedrón (Magalofes) | 22.00 h |
| VIAXE AL CENTRO DE LA TIERRA | 28 e xullo | Adro da Igrexa (Sillobre) | 22.00 h |
| LA OLA | 2 de agosto | Parque da Hortiña (Limodre) | 22.00 h |
| EL NIÑO CON EL PIJAMA DE RAYAS | 11 de agosto | Pista Polideportiva (Perlío) | 22.00 h |
| DISARTER MOVIE | 18 de agosto | Pista de O Pote | 21.30 h |







# AXENDA DO MES...

| DATAS... | ... A RECORDAR |
|---|---|
| Sábado, 3 de xullo | Actuación de Roncarela. 22.00 h. ACRD Liga Amigos de Barallobre |
| 4 de xullo | Día do Deporte na Rúa |
| 14 de xullo | Noite de Cine - Magalofes |
| 21 de xullo | MAGO TETO. Praza do Concello de Fene. 22.00 horas |
| 22 de xullo | V Festival de Habaneiras. Praza do Concello de Fene. 21.00 horas |
| 23 de xullo | Festival Cómico. Praza do Concello de Fene. 20.00 horas. |
| 28 de xullo | Noite de Cine - Sillobre |

## TELÉFONOS E DIRECCIÓNS DE INTERESE

- Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade (Vicepresidencia)
  - ☏ 981.54.48.66
  - @ www.xuventude.net
- Consello da Xuventude de Galicia
  - ☏ 981.56.95.60 / 902.15.75.27
  - @ www.cxg.org
- Teléfono da Muller
  - ☏ 900.19.10.10
- Teléfono Xove
  - ☏ 902.15.25.35
- Instituto da Xuventude (Ministerio)
  - ☏ 91.363.76.01 / 91.363.76.02
  - @ www.injuve.mtas.es
- Portal Europeo da Xuventude
  - @ http://europa.eu/youth
- Voluntariado Galego
  - ☏ 900.400.800
  - @ www.voluntariadogalego.org
- Xuventude en Acción 2007-2013
  - @ www.juventudenaccion.migualdad.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

## OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL (OMIX)

www.fenecidadan.net
FENE CONCELLO

Avda. Naturais 44, entrechán - dereita
15.500 - Fene - A Coruña
E-mail: fene.xuventude@gmail.com
Teléfono: 981.34.03.66
Fax: 981.49.27.88

Horario: de luns a venres, de 9.30 a 13.30 horas

Este Boletín pódese descargar tódolos meses na páxina web do noso concello www.fenecidadan.net

SAN ESTEBAN® • TELF./ FAX: 981 • 34 06 95 • PERLÍO • FENE (A CORUÑA)